

PAU 2026 – FÍSICA

Criterios xerais de avaliación

- Os criterios baséanse nun principio de avaliación xusta das competencias e habilidades en Física do alumnado. Polo tanto, valorarase, con carácter xeral, a comprensión, a exposición e o manexo dos conceptos físicos, así como o desenvolvemento lóxico na resolución dos problemas propostos.
- A proba constará de **catro preguntas**, de **2,5 puntos cada unha**, correspondentes aos bloques de contidos 2 ao 5 recollidos no currículo da materia de Física establecido no **anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A **primeira pregunta** será de carácter competencial, de resposta obrigatoria e sen opcións.
- As **outras tres preguntas** terán:
 - un **primeiro apartado** de carácter conceptual, de resposta obrigatoria;
 - e un **segundo apartado**, tipo problema numérico, con **dúas opcións**, das que se deberá escoller unha para resolver.
- Para todos os apartados da proba estableceranse criterios específicos detallados, puntuando cada etapa da resolución, co fin de favorecer unha corrección o máis unificada posible.
- **Todas as respostas deben estar debidamente xustificadas.**
 - Nas respostas numéricas requírese a formulación do problema e o cálculo da solución.
 - Nas respostas cualitativas débese citar a lei, principio ou teorema que se aplica, ou ben expoñer o razoamento que conduce á conclusión.
- Nas cuestións ou problemas con desenvolvemento numérico valorarase, con carácter xeral, a **formulación un 75 %** e a **resolución numérica un 25 %**.
- Se para resolver un apartado é necesaria a resposta doutro apartado anterior, este cualificarase empregando os datos achegados polo propio alumnado, de maneira que unha incorrección previa **non penalice dúas veces**.

Penalizacións por erros

Dada a diversidade de situacións, a listaxe seguinte non é exhaustiva; calquera outra circunstancia avaliarase tendo como referencia a esencia deste documento.

1. Erros leves

(Penalización de 0,25 puntos cada un; a suma non superará o 30 % do valor total da pregunta)

- Ausencia ou incorrección nas **unidades** dunha magnitude física, tanto en datos como en resultados parciais ou finais. Se non se solicita unha unidade concreta, admitirase calquera unidade dimensionalmente correcta.

- Erros de cálculo menores, tanto na manipulación analítica como na numérica, que **non** leven a resultados fisicamente absurdos.
- Non indicar o **símbolo de vector** nunha magnitude vectorial ou falta de homoxeneidade vectorial nunha expresión. Non debe confundirse este erro coa asignación de carácter vectorial a unha magnitude escalar (e viceversa), o que de ningunha maneira poderá ser considerado como un erro leve.
- Descoñecemento ou identificación incorrecta da **potencia de dez asociada a un prefixo**, sempre que non produza erro conceptual grave. O alumnado debe coñecer os prefixos desde **pico** ata **tera**.
- Erro de **transcrición de datos** do enunciado, sempre que non implique erro conceptual.
- Uso dun **número inadecuado de cifras significativas no resultado**. Como norma xeral, o número máximo de cifras significativas do resultado debe ser o mesmo que o dos datos proporcionados. Este erro será considerado se o resultado discrepa con claridade do anterior.

2. Erros medios

(Penalización máxima: 50 % do valor do apartado)

- Manipulación matemática incorrecta (non considerada erro leve) partindo de expresións ben expostas, ou erros de cálculo que dean lugar a resultados fisicamente absurdos.
- Interpretación ou uso incorrecto do **signo** nunha magnitude ou expresión físicas.

3. Erros graves

(Penalización máxima: 100 % do valor do apartado)

- Falta de razoamento ou de xustificación cando se pide de forma explícita (por exemplo, en preguntas teóricas ou de elección de opción).
- Aplicación incorrecta dunha expresión física que revele **erro conceptual**.
- Ausencia ou insuficiencia na explicación do desenvolvemento ou do razoamento que conduce ao resultado analítico ou numérico.

Consideracións adicionais:

Para unha corrección uniforme, dende o grupo de traballo recomendamos encarecidamente:

- **Presentación e orde** na escritura, o uso de símbolos normalizados e a correcta disposición das operacións.
- **Uso coherente de notación científica garantindo** que números moi grandes ou moi pequenos se expresen en notación científica cando proceda.
- **Prestar atención ao redondeo excesivo nos pasos intermedios** que modifiquen de forma apreciable o resultado final.